



## ***ACONTECEMENTOS DO ANO***

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego / O Correo Galego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *Mariñán*, *El Metropolitano* e *Red Comarcal*.

### **Xaneiro de 2008**

Neste mes a concellería de Servizos Sociais ampliou a cobertura do programa de axuda a domicilio abarcando tamén os fins de semana. Paralelamente completouse con novos programas de servizo como o comedor a domicilio e o transporte adaptado.

### **Xaneiro-Xullo de 2008**

Ó longo destes meses puidéronse ver na Sala Multiusos do Edificio Liceo distintas películas e documentais dentro do proxecto *Cinemas Dixitais*, organizado pola Consellería de Cultura e Deporte e o Concello.

### **4-5 de xaneiro de 2003**

No Edificio Liceo tivo lugar a celebración do encontro *Beta party versión 1.0*, organizado polo grupo *Amiga*, que reuniu un numeroso grupo de mozos afeccionados á informática para coñecer as últimas novidades.

### **5 de xaneiro de 2008**

Celebrouse a tradicional Cabalgata dos Reis Magos de Oriente polas rúas da cidade. Estiveron acompañados pola Banda Municipal de Música, Os Quinquilláns, grupo de música de San Pantaleón das Viñas e a charanga NBA. A organización correu a cargo do Concello.

### **12 de xaneiro de 2008**

O grupo de cámara *Camerata Brigantina*, dirixido polo profesor do conservatorio municipal, Florián Vlashi, celebrou o concerto de fin de Nadal na Aula Municipal de Cultura. Este acto serviu como peche do programa de festexos de Nadal e Aninovo organizado polo concello.

### **7-15 de xaneiro de 2008**

Puido contemplarse no edificio Liceo unha exposición de acuarelas do paisaxista Juan Rodríguez Soto.

### **Xaneiro de 2008**

Na Galería *Artra* tivo lugar unha exposición do artista madrileño e betanceiro Urza, titulada *Ursatz (Valente como Pretexto)*.

### **18 de xaneiro de 2008**

Na Aula de Cultura de Caixa Galicia tivo lugar unha conferencia sobre a constitución europea e os valores cristiáns a cargo do eurodeputado, D. Antolín Sánchez Presedo. Este acto estivo encadrado dentro da «Aula de Teología 2007-2008» que se celebrou en Betanzos co título «Siete lecciones sobre democracia y cristianismo», organizadas polas parroquias de Betanzos en colaboración coa Obra Social Caixa Galicia.

### **22 de xaneiro de 2008**

A alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana reuniuse en Santiago coa conselleira de Educación, D<sup>a</sup> Laura Sánchez Piñón, onde se abordou a creación en Betanzos dunha escola de Educación Infantil.

### **27 de xaneiro de 2008**

O río Mandeo foi testemuña novamente, despois de cincuenta anos que había que pecharan os irmáns Bedoya, da botadura dunha lancha construída integramente en Betanzos. A embarcación foi obra de Jesús Manuel Núñez Picos, home moi vinculado á vida mariñeira na nosa cidade.



Partente



César

### 1-3 de febreiro de 2008

Betanzos estivo presente ó longo destes días na Feira Internacional de Turismo de Madrid (Fitur). A delegación municipal estivo encabezada pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana.

Estreáronse neste certame os novos logotipos de turismo e da festa da tortilla, realizados polo debuxante betanceiro, José Tomás. Como novidades contouse cunha cata comentada do Viño da Terra de Betanzos e unha degustación da tortilla, que fixeron as delicias de visitantes e betanceiros alí residentes.



Elena Carro

### 2-6 de febreiro de 2008

Desenvolveuse ó longo destes días o Programa de Festexos do Antroido elaborado polo Concello. Houbo festas infantís e concursos de disfraces, rematando co Entero da Sardiña, que contou cunha vistosa comitiva polas rúas da cidade.



César

### 4-23 de febreiro de 2008

No Edificio Liceo tivo lugar nestes días unha exposición de pintura da artista brasileira, Segiane de Jesús Cabral.

### 8 de febreiro de 2008

Organizada pola Deputación Provincial de Pontevedra, inaugurouse no castelo de Soutomaior a exposición nº 29 de «Xente no Camiño», da que é autor Alfredo Erias. Ó acto asistiu o vicepresidente da Deputación D. José Manuel Figueroa, o alcalde de Soutomaior, D. Agustín Reguera Ocampo e a alcaldesa de Betanzos, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana, entre outras autoridades, así como numeroso público. Fixo a presentación da obra Marta Méndez e leron poemas os poetas Xulio Valcárcel e Xosé María Álvarez Cásamo. A mostra estivo aberta ata o 30 de abril.



Teresa Garea

### **9 de febreiro de 2008**

No Edificio Liceo tivo lugar o *Encontro para Bebés e Familia coa artista Uxía*, dentro do programa *Encontros cos Axóuxeres* que organiza a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, coa colaboración do Concello de Betanzos.

### **9 de febreiro de 2008**

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un concerto do Grupo de Cámara da Orquestra Sinfónica de Galicia, dirixido por Prjevalski. O evento foi organizado pola Orquestra Sinfónica de Galicia e o Concello, co patrocinio da Deputación Provincial.

### **Febreiro de 2008**

Con motivo de obras nas proximidades, un vehículo pesado causou danos na antiga ponte das Cascas.

### **17 de febreiro de 2008**

Na Aula Municipal de Cultura do Edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra *«Estoraque, o indiano»* interpretada pola compañía «Artesán Teatro», organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

### **22 de febreiro de 2008**

Os participantes no «I Encontro Iberoamericano de Museos Pedagóxicos e Museólogos da Educación», organizado polo Museo Pedagóxico de Galicia, fixeron unha xornada de traballo en Betanzos, visitando o Concello, o Museo das Mariñas e o Pasatempo. No Concello foron recibidos pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana.



### **7 de marzo de 2008**

Con motivo do Día Internacional da Muller, tivo lugar na Sala Multiusos do Edificio Liceo a proxección do documental *«Guardaespaldas sin armas»*, dirixido por Aurora Longueira. Ó remate celebrouse unha mesa redonda na que participaron a xefa de servizo do Centro de Saúde de Betanzos e membro da Asociación Elas, D<sup>a</sup> Lis de la Vega Castro e a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana.

### **Marzo de 2008**

A Concellería de Servizos Sociais levou a cabo neste mes unha campaña baixo o lema *«Educar en igualdade»*, dirixida a nenos de primaria e secundaria.

### **9 de marzo de 2008**

No Edificio Liceo celebrouse a *IV Xuntanza de Labores Artesanais*, na que participaron numerosas agrupacións de Asturias, Cantabria, León e Galicia, que englobaban a máis de medio milleiro de artesáns. Foi organizada pola Asociación de Mulleres da Condesa e polo Concello.





César

**10 de marzo-4 de abril de 2008**

Tiveron lugar os Talleres de Alfabetización Informática, dirixidos principalmente a xente maior, para o seu acercamento ás novas tecnoloxías. Estes talleres foron promovidos polo Concello coa colaboración da Rede de Dinamización da Sociedade da Información.

**12-31 de marzo de 2008**

Na Sala de Exposicións do Edificio Liceo puido contemplarse a obra do pintor Antonio Cartelle, titulada «A Galicia de hoxe en día».

**14-23 de marzo de 2008**

Ó longo destes días desenroláronse os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón pola escritora e poetisa, D<sup>a</sup> Cristina Amenedo na igrexa de San Francisco. Os actos máis relevantes foron as procesións do Santo Encontro, Vía Crucis, Santo Enterro e a dos Caladiños. Os actos foron organizados pola Confraría de Semana Santa de Betanzos. As igrexas estiveron abertas todo o día para poder ser visitadas fóra do horario normal.

**17-18 de marzo de 2008**

O Concello, a través da Concellería de Servizos Sociais e Xuventude, desenrolou na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), un taller afectivo-sexual para rapaces de entre 14 e 18 anos.

**Marzo de 2008**

Topógrafos do Instituto Xeográfico Nacional, pertencentes ó Ministerio de Fomento, en colaboración coa Xunta de Galicia, instalaron no Edificio Liceo unha placa na que se recolle a situación exacta do concello no novo sistema xeodésico español (ETRS-89). A placa recolle a altitude sobre o nivel medio do Mediterráneo, en Alacante, 24 metros; latitude 43° 16' 44,8'' N; lonxitude 8° 12' 39,0'' O.

**Marzo de 2008**

Remataron as obras de acondicionamento da Praza de Dona Águeda para evitar as filtracións de auga.

**26 de marzo de 2008**

O delegado provincial de política territorial, D. Alberto González e a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana, visitaron as obras das avenidas de Fraga Iribarne, Jesús García Naveira e Linares Rivas. No percorrido estiveron acompañados de técnicos da empresa adjudicataria.



Pariante

### 1-19 de abril de 2008

Na Sala de Exposicións do edificio Liceo expuxéronse as fotografías do proxecto «FotogrÁFRICA, vidas alrededor del sida» de Médicos do Mundo.

### 1-30 de abril de 2008

Na sala Artra tivo lugar a exposición «Obra sobre papel», do artista Luis Rapela.

### 2 de abril de 2008

A alcaldesa D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana asistiu ó acto de presentación do supermercado de Eroski na avenida Manuel Fraga Iribarne. No acto estiveron presentes ademais o director de relacións institucionais de Vegalsa-Grupo Eroski, D. Javier González; a responsable do centro, D<sup>a</sup> Sonia Gómez e a xefe de zona do grupo Eroski, D. Manuel Barallobre.

### Abril de 2008

O Concello, a través da Delegación de Tráfico e Seguridade Cidadá, levou a cabo unha campaña de educación vial na que participaron máis de catrocentos alumnos dos centros escolares da localidade. Pretendeuse con este plan fomentar hábitos de conduta e respecto para evitar accidentes.

### Abril de 2008

A poeta betanceira, Esther López Castro ven de gañar a XII edición do Certame de Poesía «Emilio Rodríguez», que convoca a Casa de Castilla La Mancha da cidade da Coruña.



Lajos Spiegel (Betanzos e a súa comarca)

### 5 de abril de 2008

Na Igrexa de Santiago tivo lugar o concerto de presentación do coro *La Antigua*, que interpretou música do Renacemento, coa organización e patrocinio do Grupo Macogasaddy e o Concello de Betanzos.

### 5-6 de abril de 2008

Organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE) coa colaboración do Concello, celebrouse na Praza do Campo o mercado de oportunidades «Mercabetanzos». Participaron nela uns trinta comerciantes que se viron gratamente sorprendidos pola afluencia de millares de persoas de toda a comarca. A presentación do evento tivo lugar no Edificio Liceo a cargo da presidenta de ACEBE, D<sup>a</sup> Antonia Anido e a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana.

### 6 de abril de 2008

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «Fuera de quicio» interpretada polo grupo «Agrupación Teatral Mariñán», coa colaboración da Casa da Xuventude e co patrocinio do Concello de Betanzos.

### 5, 12 e 19 de abril de 2008

Ó longo destes días celebráronse as xornadas «El mundo en bicicleta», organizadas polo Concello, con conferencias e proxeccións, nas que participaron: Emilia Curiel, Sergio Fernández Tolosa, Luis Marquina, Luciano e Verena Lepre.



Pariente

### **Abril de 2008**

Gracias a un convenio entre o Ministerio da Vivenda, o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello, puidéronse solicitar neste mes vinte novas axudas para a rehabilitación de vivendas no casco histórico de Betanzos.

### **10 de abril de 2008**

Betanzos e Bergondo pasaron a formar parte do Plan de Transporte Metropolitano de A Coruña, no que xa participaban os concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Carral e Sada. O uso da tarxeta de transporte deste plan permitiu aforrar ós usuarios dos transportes públicos unha parte do custo do billete. O convenio foi asinado en Santiago pola conselleira de Política Territorial, D<sup>a</sup> María José Caride, o alcalde en funcións de Bergondo, D. José Manuel Mata e a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana.

### **11 de abril de 2008**

Na Aula unicipal de Cultura tivo lugar unha conferencia do ex alcalde da Coruña e embaixador español no Vaticano, D. Francisco Vázquez. Este acto estivo encadrado dentro da «Aula de Teología 2007-2008» que se celebrou en Betanzos co título «Siete lecciones sobre democracia y cristianismo», organizadas polas parroquias de Betanzos en colaboración coa Obra Social Caixa Galicia.



César

### **13 de abril de 2008**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «As últimas liñas», interpretada pola compañía *Lagarta, lagarta*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

### **18 de abril de 2008**

Un grupo de alumnos de Cracovia (Polonia), que realizaron un intercambio con alumnos do Instituto Francisco Aguiar, foron recibidos na Sala Capitular do Concello pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana.

### **27-28 de abril de 2008**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tiveron lugar as representacións teatrais da obra «A lingua das bolboretas» interpretadas pola compañía *Teatro del Andamio*, organizadas polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.



Pariente

### **29 de abril de 2008**

No pleno deste día presentou a súa dimisión como concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Andrés Otero Botana.

#### **Abril de 2008**

Nos domingos deste mes tiveron lugar as Marchas Populares *Betanzos en Bici*, organizadas polo «Club BTT Caimanes Betanzos».

#### **Maio de 2008**

Ó longo deste mes levouse a cabo o programa de actos das Letras Galegas, organizado polo Concello, que este ano estivo dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez. Para o seu desenvolvemento contou coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, a parte das propias institucións do Concello como o Museo das Mariñas co mes de portas abertas, campañas de animación á lectura na Biblioteca Municipal, etc.

#### **Maio de 2008**

O Centro Municipal de Formación Ocupacional acolleu a partir deste mes os cursos de fontanería, albanelería e soldadura, concedidos pola Consellería de Traballo para a formación de 45 alumnos.

#### **2-4 de maio de 2008**

Celebrouse a XXIII Festa do Viño de Betanzos, organizada polas asociacións de Colleiteiros e de Adegueiros e Viticultores de Betanzos, que contaron coa colaboración da Consellería de Medio Rural, Deputación Provincial e do Concello. Deu comezo coa lectura do pregón a cargo do ex adestrador do Deportivo, Arsenio Iglesias. Como novidade deste ano foi o seu traslado de novo á Praza do Campo. Na cata dos viños presentados a concurso resultaron gañadores, D. Héctor Amigo na categoría de viños tintos e D. Francisco Outeiro nos viños brancos.

#### **3 de maio de 2008**

Na Igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto da Coral Universitaria de Murcia organizado pola Vicerreitoría de Cultura e Comunicación (Aula de Música) da Universidade da Coruña en colaboración co Concello de Betanzos.

#### **5 de maio de 2008**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral para os centros educativos da comarca da obra «Un sueño fantástico», organizada pola Dirección Xeral de Tráfico coa colaboración do Concello de Betanzos.



(red Comarcas)



César



### 9 de maio de 2008

O arcebispo de Santiago, D. Julián Barrio, clausurou o ciclo de conferencias *Democracia y Cristianismo*, da Aula de Teoloxía 2007-2008, organizado polas parroquias de Betanzos en colaboración coa Obra Social Caixa Galicia.

### 9-11 de maio de 2008

No auditorio do Pasatempo reuníronse moteiros de toda Galicia na *III Concentración Furtiva 08*, organizada pola asociación cultural motociclista *Furtivos* coa colaboración da Deputación Provincial, Harley Davidson Coruña e Burn e o Concello.

### 11-12 de maio de 2008

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tiveron lugar as representacións teatrais da obra «Emigrados» interpretadas pola compañía Teatro de Ningures, organizadas polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

### 13 de maio de 2008

Dentro do Programa das Letras Galegas elaborado polo Concello, na Sala Multiusos do edificio Liceo tivo lugar unha conferencia pronunciada polo director do Centro cultural Santo Domingo, D. Alfredo Erias, titulada «Músicos e instrumentos musicais na Galicia medieval». De seguido a Escola Municipal de Folclore ofreceu un concerto de música tradicional.



### 16 de maio de 2008

Dentro da celebración do Día das Letras Galegas, tivo lugar no Edificio Liceo a presentación do libro «Betanceiros en el Reino Unido: Memorias de un emigrante», do que é autor José Luis Couceiro Vicos, e que se publicou como apéndice do Anuario Brigantino 2007. A presentación correu a cargo do escritor e periodista betanceiro, Xesús Fraga. Acto seguido, inaugurouse a Mostra Documental do mesmo nome e autor.



Veiga

### 17 de maio de 2008

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo e organizado polo Concello, tivo lugar a representación do espectáculo poético-musical «Camiños do Sol», con poemas de Xosé María Álvarez Blázquez, a cargo do grupo poético-musical Ouriol. Seguidamente tivo lugar un concerto a cargo da Coral Polifónica de Betanzos.

### 18 de maio de 2008

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «Pan. Catro propostas arredor da malla» interpretada pola compañía *Volta e Dalle Teatro*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

### 22 de maio de 2008

Con motivo da festividade de Santa Rita, patrona dos funcionarios da Administración Local, a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana, entregoulle unha insignia á traballadora que se xubilou neste ano que foi: D<sup>a</sup> Magdalena Cainzos Purriños. Recibiron tamén un distintivo D. Jesús Vázquez Parga, Félix Álvarez Rodríguez, Alfredo Veiga Edreira, Alfredo Erias Martínez, Jesús García Camba, Manuel González Fernández, Antonio Vara Fiaño e María Teresa Morales Segade por levar vinte e cinco anos vinculados ó Concello.



Leonor Sánchez

### 23 de maio de 2008

Nun acto presidido pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a presentación da páxina web do Anuario Brigantino a cargo do director da publicación, D. Alfredo Erias. No acto estiveron presentes o historiador D. Andrés Pena Graña e o subdirector da publicación, D. Xosé María Veiga:

<http://anuariobrigantino.betanzos.net>



### 23-24 de maio de 2008

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo desenvóléronse as «II Xornadas de Paisaxe Cultural do Noroeste», organizadas polo CEIDA e o Concello de Betanzos e coordinadas por D. José Crespí Rodríguez. Participaron nas mesmas D. Felipe José Arias Vilas, D. Felipe Criado Boado; D. Andrés Pena Graña, D. Manuel Xusto, D. Jesús Irisarri, D<sup>a</sup> Guadalupe Piñeira, D. Andrés Reboredo, D. Niek Hazendonk, D. J. Luis Dalda e D<sup>a</sup> Teresa Andresen. Puido contemplarse, así mesmo, a exposición «A arquitectura paisaxística, concepto e obra».

### 25 de maio de 2008

Celebrouse a XII Media Maratón «Volta á Ría de Betanzos», organizada polo Club de Atletismo «As Mariñas».

### 27 de maio de 2008

No pleno deste día tomou posesión do cargo de concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Henrique del Río Otero, tras a dimisión de D. Andrés Otero Botana e a renuncia de D<sup>a</sup> Concepción Valladares Vázquez.



Anuario Brigantino 2008, nº 31



(Betanzos e a súa comarca)

### **Maiο de 2008**

O Club de Xadrez de Betanzos acadou o primeiro posto na Liga Galega ascendendo á segunda división.



Arume

### **Xuño de 2008**

Presentouse o equipo do Betanzos C. F. co novo adestrador Óscar Gilsanz. Militarā en Rexional Preferente.

### **1-15 de xuño de 2008**

Na Sala de Exposicións do edificio Liceo puido contemplarse a exposición de pintura do artista Víctor Lens (A Coruña) titulada *O crimen perfecto*.

### **1-31 de xuño de 2008**

Na sala *Artra* contou nestes días coa exposición colectiva de gráfica contemporānea co título «Artfigurative (I)».

### **5 de xuño de 2008**

Dentro dun acto conxunto en toda Galicia promovido pola Fundación Curros Enríquez, en conmemoración do centenario da súa morte, deuse lectura na rúa a el dedicada do seu poema «Cantiga».

### 7 de xuño de 2008

Celebrouse na Praza da Constitución o tradicional Encontro de Bandas de Música organizado polo Concello de Betanzos, coa participación da Banda de Música Municipal de Cee, a Banda da Escola de Música de Rianxo e a Banda Municipal de Música de Betanzos.



Gago (El Ideal Gallego)

### 14 de xuño de 2008

O Concello representado pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana e o concelleiro D. Pablo Tomé, participou activamente na peregrinación institucional para promover o Camiño Inglés que neste día percorreu a etapa entre Miño e Presedo.

### 17 de xuño de 2008

A alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana reuniuse na Coruña coa delegada da Consellería de Traballo, D<sup>a</sup> María Debén. O motivo foi o de crear novos talleres de emprego.

### 20 de xuño de 2008

Na Igrexa de San Francisco celebrouse un concerto do Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia, incluído dentro dos actos do Festival Mozart.

### 21 de xuño de 2008

Na Praza do Campo desenvolveuse o proxecto de dinamización lingüística *Contador*, organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, consistente na elaboración oral dun conto colectivo.

### 21-28 de xuño de 2008

Ó longo destes días celebrouse o *I Campus de Baloncesto* para rapaces, organizado polo Club de Baloncesto Santo Domingo.

### Xuño de 2008

O Grupo Municipal de Intervención Rápida (Grumir) volveu a estar activo coa incorporación de 12 efectivos a través do Programa de Cooperación coa Consellería de Traballo.

### 28 de xuño de 2008

Numerosas persoas acudiron á Praza do Campo para participar no fin de Festa do Comercio de Betanzos, organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos. Destacaron na programación as actuacións do dúo humorístico *Os Tonechos* e o sorteo dun coche, no que resultou agraciado o betanceiro, D. Julio Fraga Corbelle.



César

### Xullo-Agosto de 2008

Ó longo destes meses desenvolveuse o programa *Cine nas Parroquias* organizado pola Concellería de Cultura do Concello e *Noites de Cine*, organizado pola Deputación Provincial e o Concello.

### 1-31 de xullo de 2008

A sala *Artra* contou coa exposición colectiva de gráfica contemporánea *Artabstract (II)*.

### Xullo-Agosto de 2008

Ó longo destes meses celebráronse os Campamentos Urbanos, que ofertaron un total de 280 prazas para nenos comprendidos entre 4 e 16 anos. O obxectivo foi conciliar a vida familiar e laboral.



César

**4 de xullo de 2008**

Os integrantes dos equipos alevín, cadete e infantil do Betanzos C.F., así como membros da directiva, encabezada polo presidente, D. Julián García, foron recibidos no edificio Liceo pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana e os concelleiros de deportes, D. Andrés Porcas e de turismo, D. Pablo Tomé.

**4 de xullo de 2008**

Dentro do *Festival Vía Stellae 2008, III Festival de Música de Compostela e os seus Camiños*, organizado pola Consellería de Innovación e Industria e o Xacobeo e a Concellería de Cultura do Concello de Betanzos, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo, un concerto do *Grupo Instrumental Século XX*, titulado *A historia do soldado*, de Stravinski, no que participou o actor, Evaristo Calvo e dirixiu o músico, Florian Vlashi.

**5-6 de xullo de 2008**

Celebrouse na Aula Municipal de Cultura o *I Festival Jazz Mariñas* organizado polo Consorcio das Mariñas e o Concello de Betanzos. Participaron: *Pepe Evangelista Cuarteto* e *Javier Constenla Jazz Quartet*.

**5-14 de xullo de 2008**

Na Sala de Exposicións do edificio Liceo estiveron expostos estes días traballos de cestería do artesán betanceiro Manolo Lauda Arcay.



César



Eirás

**11-13 de xullo de 2008**

Celebrouse a XI edición da Feira Franca Medieval, que contou cunha ampla participación de betanceiros e afluencia de visitantes. Realizouse un animado programa de actividades onde houbo actuacións musicais, teatrais... destacando as recreacións históricas do pasado da cidade como a expulsión dos leprosos, incendio da cidade, tributo das cen doncelas, revolta irmandiña, torneo medieval... Este ano como novidades realizáronse talleres e diversas actividades para os máis pequenos e celebrouse o Primeiro Certame Fotográfico. A feira deu comezo coa inauguración da alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana e a lectura do pregón por conta da catedrática de literatura e investigadora, D<sup>a</sup> Concepción Delgado Corral.



Teresa Garea

**Ilma. Sra. Alcaldesa, autoridades, miñas donas e meus señores.**

O espírito ledo e festivo co que se inaugura hoxe na cidade a Feira Franca 2008 transpórtanos ao pasado. Betanzos, a dos dous ríos, ten para min sabores e recendos de pan recién saído do forno e pavías do paraíso. Cando percorro o casco antigo desta cidade onde nacín fago unha dupla viaxe, no lugar e no tempo. Segundo as diferentes partes do día cada rúa cóntame unha historia ou reméteme para unha memoria medieval dunha cidade viva, fermosa e culta.

Á ALBA NA PORTA DA PONTE NOVA.  
FONDO MUSICAL DE CORNAMUSA  
Cantan os galos para o día e repican as campás de Santa María no Antigo Castro de Untia. Vila de Untia en 1219 por mandado de Afonso IX.

*Só conmigo,  
Polas rúas, polas prazas,  
sen ollos, sen pés, sen azas;  
só conmigo,  
sen sombras nen voz de amigo.*

Eduardo Blanco Amor

O namorado que aparece nunha das cantigas de amor de Pero d'Armea camiña inseguro e con présa pola encosta dos Ferreiros. Co corazón mancado canta a súa soedade mentres contempla as rúas ermas e en medieval silencio baixo un ceo que soñou máis azul. A senhor, unha vez máis, non respondeu aos requirimentos amorosos do vasalo. Consólao ao pé da antiga porta o trobador Pero García d'Ambroa quen se dispuña a desafiar nunha tenzón ao xograr Pedr'Amigo de Sevilla polos escarnios de mal gusto adicados á súa amiga e a mellor soldadeira, María a Balteira.



Ertias

**Betanzos das donas e dos poetas.**

POLA MAÑÁ NA PRAZA DO AZOUGUE.  
FONDO MUSICAL DE SALTERIO

O xograr recita unha cantiga onde fala da Idade Media como a época de maior engrandecemento coa construción de palacios, igrexas, mosteiros, hospitais e casas. E de importantes figuras que marcarán para sempre a personalidade da cidade. Contida nas murallas, a cidade vibra cos traballos e movementos da xente que entra e sae das tendas en torno ao mercado situado na praza do Azogue. Escóitanse ruídos que xorden das forxas dos ferreiros mellorando os apeiros de labranza para o cultivo dos cereais e do viño, dos talleres dos



Erias

latoeiros, dos artesáns e, desde fóra das portas, ascende as encostas o ledo cantar dos mariñeiros do porto que integra Betanzos nos circuitos comerciais por vía marítima. A vibración chega ata o límite na Feira Franca cando xentes de todos os lugares entran para facer transaccións comerciais e para gozar do ambiente de festa na cidade de reguengo, título concedido en 1465 polo rei Henrique IV.

**Betanzos dos labradores, dos mariñeiros, dos curtidores, dos salgadores, dos canteiros, dos prateiros, dos selleiros, dos artesáns, dos gremios.**

**POLA TARDE EN SAN FRANCISCO. FONDO MUSICAL DE ORGANISTRUM**

Fernán Pérez de Andrade «O Bóo», no salón de cerimonias de San Francisco manda ao seu capelán Fernán Martíns, «Magister escriptorii», verquer en galego a *Crónica Troiana*.

Ordena tamén que se constrúan, para o gran panteón familiar, sepulcros con escenas de caza do xabarán, deporte do que moito gusta e que comparte cos cabaleiros da Táboa Redonda.

Vasco da Ponte, vasalo de Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas, escribe un nobiliario que se converte na fonte de información máis importante da sociedade nobiliar galega da Baixa Idade Media.



César



**Betanzos dos cabaleiros mecenas, dos artistas, dos historiadores e amanuenses.**

Á TARDIÑA NA RÚA TRAVESA. FONDO MUSICAL DE GAITA

O xograr canta unha extensa cantiga onde fala dos éxitos de Joan Branco perante o rei, da súa escura morte, e do agromar do sentimento colectivo de agravio acumulado durante anos por vasalos e campesiños contra os señores. Dá noticia dun cantar de xesta centrado na figura do líder da Irmandade Alonso de Lanzós; solicita mármore para o heroe preso polo Parragués e poetas para cantalo e choralo nun pranto.

**Betanzos da Irmande, dos irmandiños, dos señores irmandiños.**

POLA NOITE NA PRAZA DO CONCELLO. FONDO MUSICAL DE LAÚDE

Resoan nos monumentos de pedra románicos e góticos cantigas de amigo, de amor e satíricas dos trobadores e xograres da comarca. Acompañan nas representacións as soldadeiras con cascabeis, pandeiros e panderetas bailando danzas do repertorio medieval. Un segrel, dirixíndose ás pedras que foron testemuñas da viaxe ao Cebreiro dos cabaleiros na demanda do Santo Grial, acompañado dun son triste de frauta, canta as fazañas de Artur, o rei que foi e que será para gloria dos pobos celtas, a beleza de Guenebra, aínda chorada polos muros do antigo mosteiro das Donas, e os amores ignorados do mago Merlín.

**Betanzos, Camelot de Galicia, cidade da cultura e da festa, corazón de pedra do medieval.**

Estas historias para as que as rúas do casco antigo da cidade me remeten fan brotar hoxe un forte «Ubi sunt», interrogando elexíacamente onde foi toda esta vida, tal e como o fai o poeta:

*¿Ulos eles, villes dos soportais,  
novicios en riola,  
bolinantes das feiras,  
tunantes de tramoia,  
xentes todas que sodes sin sabelo  
follas da miña historia?*

Fermín Bouza Brey

Dinme tamén que tendo tan insignes avós non podemos ser netos indignos. Betanceiros, vivamos hoxe con alegría a feira, soltemos pombas brancas e, lembrando que o que non canta non xanta, traballemos para que a vida non fique interrompida no casco antigo, que vibre como hoxe todos os días do ano. Fagamos que, ademais de museo, sexa o centro da vida da cidade, animado polo mercado, o comercio e a restauración. Que a tradición conviva coa modernidade no corazón de pedra con recendos de pan fresco e pavías do paraíso.

¡Viva a cidade das pedras milenarias e boa feira!  
Concepción Delgado Corral





*Foto de Geraldina Gaetano, premiada no concurso fotográfico da Feira Franca Medieval.*

**12 de xullo de 2008**

Visitaron a nosa cidade representantes do Colexio de Procuradores Coruñeses que foron recibidos pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana na Sala Multiusos do Edificio Liceo.

**14 de xullo de 2008**

Organizado pola Vicerreitoría de Cultura e Comunicación (Aula de Música) da Universidade da Coruña en colaboración co Concello de Betanzos, celebrouse na igrexa de San Francisco un concerto do Coro da Academia Morska de Gdynia (Polonia).

**16 de xullo-6 de agosto de 2008**

Ó longo destes días tivo lugar unha mostra de gravado do artista betanceiro, José Valentín Díaz Germade sobre a torre de Hércules e titulada *Dous mil anos de luz*, na Sala de Exposicións do edificio Liceo.

**17 de xullo de 2008**

Dentro do *Festival Vía Stellae 2008, III Festival de Música de Compostela e os seus Camiños*, organizado pola Consellería de Innovación e Industria, Xacobeo e o Concello, celebrouse na igrexa de San Francisco un concerto do grupo *Ars Atlántica* titulado *Cantate cantarini: a cantata palaciana veneciana (s. XVII)*.

**18 de xullo de 2008**

O Presidente de Portos de Galicia, D. Jacinto Parga e a Alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana, reuníronse na zona do Porto, facendo efectivo o convenio polo que Portos de Galicia cedeu unha parcela para as instalacións do club de piragüismo. O Concello pola súa parte, encargárase do mantemento das instalacións do porto.

**25 de xullo de 2008**

Na Praza do Campo celebrouse o Día de Galicia cun festival folclórico no que participaron: o grupo portugués *Chafé*, o cacereño *Chispa* e o betanceiro *Azougue*. O acto foi organizado polo Concello en colaboración coa Escola Municipal de Folclore.

**Xullo de 2008**

Realizouse neste mes a ampliación das oficinas do concello no Edificio Liceo, incorporando o local que anteriormente ocupaba o servizo de recadación da Deputación.

**Agosto de 2008**

Mediante un convenio entre as parroquias e o concello levouse a cabo o mes de portas abertas nas igrexas brigantinas, cunha ampliación do horario de apertura e dotación de axentes de seguridade, co obxectivo de potenciar o turismo.



Pariente

**8-29 de agosto de 2008**

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición do artista betanceiro Luis Galán, titulada *Érase una vez la Ciudad de los Caballeros*.

**1-31 de agosto de 2008**

A sala Artra contou estes días coa exposición colectiva de gráfica contemporánea co título *Artabstract (II)*.

**9 de agosto de 2008**

Na Rúa da Cañota e organizado polo Concello, tivo lugar un concerto de música disco, rumba, pop... co grupo *Los fabulosos cubatas the Fochinck brothers*.

**13 de agosto de 2008**

No convento de San Francisco celebrouse o tradicional Concerto Cidade de Betanzos, coas actuacións da Agrupación Carlos Seijo, Coral Polifónica e Banda Municipal de Música.

**14 de agosto de 2008**

Na Praza da Constitución, a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana, coroou á Raíña das Festas, a moza brigantina, Marta Vázquez Amor. Seguidamente desde o balcón da Casa Consistorial, tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do deseñador betanceiro, Jorge Vázquez. Este acto representou o comezo oficial das festas que este ano contaron con novidades como os cantantes Tamara, Carlos Bau e Sergio Dalma, a coral canaria *Entre Amigos* ou os grupos folclóricos *Malvela* e *Sondeseu*.

***Pregón das Festas***

Excelentísima Sra Alcaldesa, autoridades, Reina de las Fiestas, damas y séquito que la acompañan, visitantes que nos honran con su presencia... Queridos betanceiros y betanceiras.

César





César

Quiero expresar mi agradecimiento por invitarme a ser el pregoneiro en estas Fiestas Patronales San Roque 2008.

Es algo que como betanceiro, me llena de orgullo y además me permite dirigirme a vosotros, desde esta noble Casa Consistorial, en esta hermosísima plaza.

Hoy iniciamos unos días de diversión y alegría con la celebración de las fiestas dedicadas a nuestro Santo Patrón.

San Roque en el siglo XV nos protegió de una terrible peste y desde entonces lo veneramos en esta muy noble ciudad.

Son estos festejos, el merecido descanso y distracción de los vecinos de la ciudad de los caballeros. Betanzos fue uno de los burgos más importantes del Noroeste de la Península Ibérica, donde los gremios de artesanos tuvieron una gran fuerza y representación: comerciantes, sastres, zapateros, panaderos, marineros y labradores convirtieron a nuestro pueblo en un importantísimo lugar de comercio a través de sus afamadas ferias y mercados.

Podría decir que en mi caso, tienen un vínculo especial con la profesión que ejerzo.

Mis recuerdos me trasladan a mi infancia cuando realizaba los encargos que me hacían desde el taller familiar... negocios como la mercería Mar Azul, La Tijera de Oro y otros establecimientos textiles...

Que sin duda fueron dando forma a lo que hoy es mi vocación y profesión de diseñador.

Ya entonces, estos gremios y los barrios celebraban sus fiestas: la Magdalena, los Remedios, los Alborotados y el Candil, son sólo algunos ejemplos.

Esta última, la del Candil, es muy especial para mi ya que me trae recuerdos muy entrañables, por ser la fiesta que se celebraba en la calle donde viví durante muchos años, la calle Venezuela...

En nuestro Betanzos, en la muy noble y leal ciudad de los Caballeros, se ha levantado templos dedicados a nuestros santos y edificios civiles, que hoy son monumentos de interés nacional y que determinaron que fuese declarada conjunto histórico artístico.

Ya el escritor gallego Wenceslao Fernández Florez destacó la importancia de Betanzos al decir en uno de sus artículos...»Algunas ciudades, Brujas, Pisa, ...Betanzos»...

Y también lo hizo Álvaro Cunqueiro con especial maestría la decir...»Una ciudad como Betanzos, Tours, Florencia o Nuremberg, es el más fino producto que la cultura occidental haya alcanzado jamás...»

Me gustaría aprovechar esta ocasión que me brindáis para tener un recuerdo especial a nuestros emigrantes, tanto a los que más conocemos como a todas aquellas personas anónimas que un día tuvieron que dejar Betanzos.

Creo que los Hermanos García Naveira, por lo que significan para nuestra ciudad, podrían representarlos a todos. Jesús y Juan, generosos filántropos, aportaron a Betanzos valores fundamentales a través del mundo de la cultura y el bienestar social: asilos, centros de acogida y escuelas son algunos ejemplos de su contribución, sin olvidarnos de esa obra espectacular que es el Pasatiempo, que espero que todos aquellos que hoy nos visitáis, podáis disfrutarlo.

Ellos, con su buen hacer, convirtieron a nuestra ciudad en un ejemplo anticipado en el tiempo, de los principios que hoy estamos tratando de aplicar en una sociedad moderna, progresista y solidaria.

En la figura de los Hermanos García Naveira, le damos las gracias a todos nuestros emigrantes, que tanto han hecho por nosotros.

Yo de alguna forma me siento un poco identificado con todos aquellos que han tenido que marcharse, porque...

Betanzos es mi casa y regreso siempre que puedo.

Aquí está mi familia, mis amigos y mis amigas.

En Betanzos encuentro mi equilibrio, aquello que normalmente no tengo en mi día a día.

Betanzos es mi refugio.

Y después de este momento tan emotivo para mi, no nos olvidemos que estamos en fiestas.

Betanceiros y betanceiras, disfrutad de ellas como yo pienso hacerlo.

Permitidme que, en vuestro nombre, invite a todos aquellos que nos visitan a que hagan lo mismo, tanto hoy en este precioso acto con la Coronación de la Reina de las Fiestas como en días sucesivos: el día de la Virgen, el día grande de San Roque con la solemne Función del Voto y el lanzamiento del Globo de papel y, por supuesto, con la romería fluvial de Os Caneiros.

Todo ello en el marco incomparable de esta antigua y bellísima ciudad medieval y los maravillosos parajes que la rodean.

A todos y a todas, felices fiestas y que San Roque nos siga protegiendo en el tiempo.

Viva Betanzos,

Viva San Roque y Viva San Roqueño.

Muchas gracias.

*Jorge Vázquez*

César





César



Anume

#### 14 de agosto de 2008

Fíxose entrega dos premios *Garelos 2008* que foron os seguintes: En Cultura, D. Marcelino Álvarez López (Maíno); en Deporte, D. Jorge Juan Martín Sánchez; en Industria, Comercio e Creatividade, á empresa Tocho Comercial S.L.

#### 15 de agosto de 2008

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das festas, a fermosa rapaciña Andrea Ramos Varela, que recibiu a coroa de mans da alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana. Seguidamente Jacobo José Raposo García e Borja Boado López deron lectura ó pregón infantil.

### *Función do Voto*

Señor San Roque:

Esta é a segunda vez que me toca renovar o Voto ante Ti no nome da Cidade de Betanzos. Se a primeira vez que tiveren esta honra os meus anhelos estaban postos en todas as ilusións e proxectos que tiña para a cidade, hoxe axeóñllome ante ti con ilusións, con proxectos para a vida común dos betanceiros e betanceiras, pero tamén coa carga das responsabilidades e decisións deste primeiro ano de goberno. Sei que a túa intercesión Señor San Roque fixeron máis levadeiro o difícil camiño de gobernar para todos, de gobernar guiados polo fin do ben común.



César

Pero eu, como todos os betanceiros devotos de ti sabemos que se xa nunha ocasión fuches quen de librarnos da peste, vas seguir ao noso lado, mentres a secular cidade de Betanzos sexa o lugar onde a liberdade, o respecto á dignidade do ser humano e a capacidade para o progreso espiritual e material dos veciños sigan a ser características que nos teñen distinguido ao longo da nosa historia como pobo colmado de xenerosidade.

Deixa, Señor San Roque, que o meu agradecemento neste ano de traballo sexa para ti, en primeiro lugar. Estendo este meu agradecemento aos meus compañeiros no goberno, sen o seu apoio ningunha das iniciativas levadas a cabo se tería convertido en realidade. Grazas tamén ao resto dos membros da Corporación por ter cumprido coas súas obrigas. Grazas aos funcionarios e aos traballadores municipais por ter feito da súa profesionalidade a súa mellor ferramenta de traballo e facer que a Administración Local teña desenvolvido os seus cometidos con eficacia e eficiencia.

Pero estou convencida de que todos os que formamos parte do goberno, dos órganos de representación e da Administración do Concello temos que agradecer o pertencer a unha comunidade humana formada por cidadáns respectuosos coas leis, esixentes cos seus gobernantes, cumpridores das súas obrigas e compromisos. En definitiva, cidadáns que teñen asumidas como súas as virtudes da responsabilidade, do respecto e do compromiso, cualidades imprescindibles para sacar adiante calquera proxecto que mereza o esforzo común.

Foron as xeracións de homes e mulleres con estas calidades as que sumando experiencias, acertos, aprendendo dos erros construíron esta cidade, orgullosa do seu pasado, responsable co seu tempo e esperanzada no futuro. Estes son os signos de identidade do nos pobo, da nosa individualidade dos que esta alcaldesa asume como seu e defende cada día á fronte do goberno de Betanzos.



César



César

Pídoche, Señor San Roque, que nos deas forzas a todos para transmitirilles estes valores aos máis novos, que saiban que a cidade dos seus maiores é froito do esforzo, da capacidade, da necesidade intrínseca do ser humano de saber cada día máis. Que Betanzos non abandone xamais o camiño do desenvolvemento económico, cultural e social, sei que ti vas iluminarnos e que a nós non nos vai faltar o ánimo para perseverar neste camiñar.

Pídoche, Señor San Roque, que teñamos sempre presentes os noso veciños máis desfavorecidos, que nos momentos de ledicia como este, como o desta noite cando vexamos o Globo voar polo ceo, non nos esquezamos das persoas que padecen, que sofren e dos que xa non están connosco. Axúdanos a aliviar os sufrimentos dos nosos doentes, axúdanos a non esquecer que tan só somos fráxiles seres humanos.

Pídoche, Señor San Roque, que as esperanzas e os esforzos que poñemos en Betanzos no goberno do común poidan contribuír como un graño de area máis para superar a crise económica que afecta a España. Pídoche, a favor do goberno da Xunta de Galicia para que a súa liña política camiñe cara aos grandes puntos de encontro culturais e non na busca de diverxencias que poderían lastrar e arrastrar o desenvolvemento e a proxección da nosa terra no resto do mundo.

Señor San Roque, remato xa coas miñas peticións para o meu pobo pero non quero facelo sen traer unhas reflexións do recentemente finado Nobel de Literatura Alexandre Soljenitsin que dicían: «*Vivín toda a miña vida nun réxime comunista, e podo dicirvos que unha sociedade sen referencias legais é terrible. Mais unha sociedade baseada na letra da lei, e non indo máis lonxe, fracasa en desenvolver no seu proveito o seu campo das posibilidades humanas. A letra da lei é demasiado fría e formal para ter unha influencia benéfica sobre a sociedade. Cando toda a vida se tece a través de relacións legalistas, resulta unha atmosfera de mediocridade espiritual que paraliza as tendencias máis nobres do home*».

Fago miña esta reflexión e pídoche, Señor San Roque, que nos fagas sempre ter presente que a espiritualidade é un valor que fai que os homes e mulleres teñamos acadada a cualidade de seres humanos. Intercede por nós, por todos os betanceiros e betanceiras, Señor San Roque. Ante a Nosa Nai a Virxe María copatroa da Cidade e ante o noso Señor.

*María Dolores Faraldo Botana  
Alcaldesa de Betanzos*

*Anuario Brigantino 2008, nº 31*

### 16 de agosto de 2008

Ás doce da noite, diante dun numeroso público, ascendeu ós ceos o Globo de San Roque que cada ano realiza a familia Pita. Este ano foi para a parroquia de Piñeiro, concello de Xermade, a uns trinta quilómetros de Betanzos.

### 18 e 25 de agosto de 2008

Foron moitas as embarcacións engalanadas que subiron río arriba polo Mandeo ata achegarse ó campo dos Caneiros. A romaría contou cun amplo dispositivo de seguridade. Días antes, presentouse publicamente por parte da alcaldesa, María Dolores Faraldo Botana, e do director do Banco Etcheverría, don Ángel Bembibre Regueiro, unha campaña que promovía a volta ós valores tradicionais da festa.



Partiente

### 27 de agosto de 2008

O conselleiro de Industria, D. Fernando Blanco e o delegado provincial da mesma consellería, D. Xosé Luis Barcia acompañados da alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana e diversos membros da corporación municipal, visitaron as obras de restauración do futuro albergue de peregrinos da rúa dos Ferreiros.

### 30 de agosto de 2008

Organizado polo Concello tivo lugar na Praza de Uxío Novoneyra un concerto de música a cargo do grupo madrileño *Garaje Jack* onde presentaron o seu segundo disco *Traje Nuevo*.

Veiga





### 30-31 de agosto de 2008

Nestes días celebrouse o XL Campionato de España de Pista no embalse de Trasona (Avilés), no que o padexeiro brigantino, Xosé Vales acadou catro medallas de ouro nas catro probas nas que participou.

### Setembro de 2008

Organizados polo servizo de Orientación Laboral do Concello, deron comezo neste mes sete cursos sobre a estratexia e busca activa de emprego.

### Setembro de 2008

Os tres concelleiros de «Cidadáns por Betanzos» entraron a formar parte do goberno municipal, polo que se realizou unha remodelación das distintas áreas, quedando a responsabilidade das concellerías do seguinte xeito: D. Juan García Varela, Urbanismo, Vivenda e Persoal; D<sup>a</sup> María Jesús Teijo, Sanidade, Servizos Sociais, Emigración e Xuventude; D. Pablo Tomé, Economía, Facenda, Comercio e Turismo; D. Francisco Gestal, Tráfico, Seguridade Cidadá e Medio Rural; D. Andrés Porcas, Infraestruturas e Festas; D. Javier de la Fuente, Comunicacions e Relacións Veciñais; D. Pedro Gómez, Cultura, Educación e Deportes; D<sup>a</sup> Esperanza Sánchez Varela, Muller, Infancia e Familia.

### Setembro de 2008

Alguns días deste mes o río Mandeo estivo pechado á navegación, debido ás obras de canalización de gas.

### 2-21 de setembro de 2008

No Edificio Liceo puido contemplarse unha exposición de pintura da artista coruñesa, Ana Seoane Suárez.

### 6 de setembro de 2008

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a presentación da *XI Bienal de Balconadas* organizada polo Concello de Betanzos. Participaron 146 artistas procedentes de distintos países. O primeiro premio, dotado con 6.000 euros, foi para o artista sevillano, José Rincón. Seguido da lectura do fallo, tivo lugar un concerto a cargo do grupo de metais Santa Cecilia. O acto estivo presidido pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana e o concelleiro de cultura, D. Pedro Gómez.

### 8 de setembro de 2008

A alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana inaugurou un aula para enfermos mentais situada en Bellavista, realizada en colaboración coa Asociación de Enfermos Psiquiátricos (APEM), Xunta de Galicia e a Fundación Barrié. No acto inaugural estiveron presentes o presidente da Asociación de Enfermos Psiquiátricos (APEM), D. José Luis Mendizabal, o doutor D. Fernando Márquez Gallego e diversos membros da corporación municipal.





César

**8 de setembro de 2008**

Celebrouse a tradicional romaría da Virxe dos Remedios coa asistencia de milleiros de persoas de Betanzos e comarca.



César

**13 de setembro de 2008**

Dentro do programa *Vai de Camiño*, organizado pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura un concerto dos grupos Brath e Xúa.

**19-21 de setembro de 2008**

Celebrouse a *II Edición da Festa da Tortilla de Betanzos*, organizada polo Concello coa participación de restaurantes da cidade. A festa deu comezo coa lectura do pregón a cargo do mestre cociñeiro, D. José Arance. A presentación dos actos correu a cargo do periodista coruñés, D. Pablo Portabales. O xurado deu o premio para a mellor tortilla á *Vinoteca Versailles*, representada polo seu cociñeiro D. Álvaro Roel.



César

**22 de setembro de 2008**

Retornou ó Mandeo desde unha carballeira de Zas o barco pesqueiro *Antonio Manuel*, utilizado na película «A casa da luz», baseada na novela de Xabier Pérez Docampo, dirixida por Carlos Amil. A súa recuperación foi promovida por D. Xosé Xoán Cabanas Cao, da produtora Vimbio Filmes.

**25 de setembro ó 17 de outubro de 2008**

No Edificio Liceo realizouse a exposición de fotografía *Galicia en foco*, organizada polo Club de Prensa de Ferrol.



Teresa Garea



Elias

**27 de setembro de 2008**

Finou este día en Madrid D.ª Natalia Jiménez de Cossío, colaboradora do Anuario e benfeitora do Museo das Mariñas. Bisneta de D. José Pascual López Cortón, patrocinador dos primeiros Xogos Florais da Coruña; neta de D. Manuel Bartolomé Cossío, un dos intelectuais máis destacados da Institución Libre de Enseñanza, filla de D. Alberto Jiménez Fraud, director da «Residencia de Estudiantes»; sobriña de D. Xoán Vicente Viqueira; Natalia era ademais unha pintora que expuxo en lugares moi significados de Europa. Os últimos anos da súa vida dedicounos a crear e manter a Fundación Jiménez Cossío e a preservar e difundir a obra dos seus ancestros na «Residencia de Estudiantes» en Madrid. Froito deste traballo foi a creación no Museo das Mariñas da sala «Colección Jiménez Cossío», composta de importantes e singulares pezas da cultura popular, como bordados, encaixes e abanicos

*Anuario Brigantino 2008, nº 31*



Erias

traídos da quinta de San Victorio en San Fiz de Vixoi. Recordaremos sempre a súa vitalidade e o agarimo con que nos agasallou a moitos betanceiros que en numerosas ocasións fomos convidados á súa casa de Vixoi.

#### **1 de outubro de 2008**

Presidido pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a presentación en Betanzos de Gas Natural. No acto estiveron presentes o delegado de Gas Natural en Galicia, D. Andrés Montero e a delegada de servizos comerciais da empresa en Galicia, D<sup>a</sup> Rosa Pérez.

#### **2 de outubro de 2008**

Saíu na prensa deste día o desmorte da fachada da casa número 5 da Rúa da Cerca, coñecida como a Casa Gótica, e considerada a máis antiga da cidade (século XV).

#### **4 de outubro de 2008**

Encadrado dentro do *XIX Festival Internacional de Música de Pulso y Púa, Cidade de Cristal* que organiza a *Agrupación Musical Albéniz*, coa colaboración da Concellería de Cultura, Educación e Deporte, celebrouse na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo un concerto do *Dúo Mandrágora de Brasilia* (Brasil)

#### **4-5 de outubro de 2008**

Organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE) coa colaboración do Concello, celebrouse o II mercado de oportunidades «Mercabetanzos». A presentación do evento tivo lugar no Edificio Liceo a cargo da presidenta de ACEBE, D<sup>a</sup> Antonia Anido e da alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana.

#### **7-12 de outubro de 2008**

Desenvolveuse no edificio Liceo e nas rúas da cidade o Festival Internacional de Títeres *Galicreques 2008*, con exposicións, talleres e actuacións dos seguintes grupos: *Teatro Urgente* (Madrid), *Ángeles de Trapo* (Uruguai), Steven Groenen e Marcel Harmsen (Belxica), Diego Stirman (Francia-Arentina), *Teatro Portátil* (Brasil), *La Rana Sabia* (Ecuador), *Theater PassPartu* (Alemania), *Títeres Larderos* (Cuenca) e *Damasita Teatro* (Arentina). O certame, organizado pola *Asociación Barriga Verde* e o Concello, contou co patrocinio da Deputación Provincial e do Consorcio das Mariñas.



Anuario Brigantino 2008, nº 31



Veiga

**10 de outubro de 2008**

Na Sala de Conferencias do Edificio Liceo presentouse o nº 30 do Anuario Brigantino. O acto estivo presidido pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo Botana, a quen acompañaban D. Antonio Lagares, en representación da Deputación Provincial, o concelleiro de Cultura, D. Pedro Gómez, o deputado do Parlamento Galego, D. Jaime Alberto Pita Varela, así como o director da publicación D. Alfredo Erias, que cumpre 25 anos á súa fronte. A presentación correu a cargo do eurodeputado e ex-alcalde de Betanzos, D. Antolín Sánchez Presedo.

**Outubro de 2008**

No edificio Liceo ó longo deste mes, nun programa do Ministerio do Interior, un grupo de formadores da Garda Civil ofreceu varias charlas ós pais e escolares dos centros educativos sobre os riscos de internet e as novas tecnoloxías.

**11 de outubro de 2008**

Como vén sendo tradicional nos últimos anos, os betanceiros que cumpriron o medio século, celebraron o acontecemento cun xantar de irmandade.



Arume

### 18 de outubro de 2008

Na Praza Irmáns García Naveira tivo lugar a representación do espectáculo folclórico *Esta noite hai unha fía* polo Grupo de Baile *O Fiadeiro*. O evento estivo encadrado dentro do programa de actividades «Cultura Vai» que organizou a Consellería de Cultura.

### Outubro de 2008

Neste mes os traballadores dos xulgados de Betanzos manifestáronse na Praza do Campo en demanda dun cuarto xulgado.

### 29 de outubro de 2008

A estudante betanceira, **Raquel Vázquez Díaz** recibiu o Premio da Excelencia Académica que a Consellería de Educación outorga ós alumnos con mellor expediente académico preuniversitario.



### 1 de novembro de 2008

A choiva desluciu a tradicional feira de Santos, na que destacaban os produtos estrela desta época como son as flores e as castañas.

### 2 de novembro de 2008

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da adaptación da obra *Confusión e morte de María Balteira*, de Marica Campo, por conta da *Asociación Cultural Brétema Teatro* de Betanzos.



(red Comarcal)

### 3 de novembro de 2008

A alcaldesa, D<sup>a</sup> Dolores Faraldo Botana e a concelleira de Servizos Sociais, D<sup>a</sup> María Jesús Teijo, presentaron no edificio Liceo o Programa de Servizo Social 2008-09, orientado especialmente a diversos colectivos como a terceira idade e a educación e integración social de diversos grupos sociais con dificultades.

### 3 de novembro de 2008

O eurodeputado de Betanzos, D. Antolín Sánchez Presedo participou en Viena na constitución da Comisión sobre Asuntos Financeiros Globais da Internacional Socialista, da que será membro. O acto foi presidido polo premio Nobel D. Joseph Stiglitz, sendo anfitrión o Primeiro Ministro de Austria, D. Alfred Gusenbauer.





### **3-14 de novembro de 2008**

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición de pintura da artista leonesa, Honorina García Fernández, titulada *Soños*.

### **5 de novembro de 2008**

A alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana acompañada do concelleiro de Comunicación e Relacións Veciñais, D. Javier de la Fuente, visitou as obras realizadas na Estación Depuradora de Augas Residuais, que realizou a consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

### **6 de novembro de 2008**

O presidente da Deputación Provincial, D. Salvador Fernández Moreda e a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana, asinaron un convenio para financiar a obra de rehabilitación do cine Alfonso Setti.

### **8 de novembro de 2008**

A artista betanceira, Alba Fandiño vén de gañar o primeiro premio na modalidade de Artes Plásticas do certame *GZ crea*, convocado pola Secretaría Xeral da Xuventude, pola obra «*Mi madre vista desde mis ocho años*».

### **10 de novembro de 2008**

Organizado polo Concello e orientado ós centros escolares, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación de teatro en inglés da obra *Tarzán*, interpretada pola compañía *Face 2 Face Theatre Company*.

### **Novembro de 2008**

A profesora do CIEC de Betanzos, Anne Heyvaert realizou unha exposición da súa obra recente titulada «*Doblar lo Real*», na *Fundación Museo de Artes del Gravado a la Estampa Digital* de Ribeira.

### **10-15 de novembro de 2008**

Nestes días unha delegación betanceira encabezada pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana, participou en varios actos de irmanamento coa cidade italiana de Collepasso, dentro do proxecto *Europa cos cidadáns*, promovido pola Unión Europea.



#### 14 de novembro de 2008

A presidenta da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (Acebe), D<sup>a</sup> Antonia Anido e o alcalde en funcións, D. Javier de la Fuente asinaron un convenio de colaboración co obxectivo de dinamizar a actividade económica na cidade. No acto estiveron presentes os concelleiros D<sup>a</sup> María Jesús Teijo e D. Andrés Porcas.



(red Comarcal)

#### 14 de novembro de 2008

Faleceu neste día a presidenta da Asociación de Amas de Casa de Betanzos, D<sup>a</sup> Marieta Gómez Sánchez. Fixo unha gran labor e era amiga e colaboradora do Anuario. Recordarémola.



#### 16 de novembro de 2008

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra *Quero ser grande*, interpretada pola compañía *Talía Teatro*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



César

#### 20 de novembro de 2008

Con motivo do Día Mundial da Infancia, alumnos dos colexios da cidade exerceron de concelleiros e reuníronse na Sala Capitular do Concello nunha sesión presidida pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana. Os nenos aprenderon o funcionamento do pleno e presentaron varias propostas. No acto estiveron presentes a concelleira de Familia, Muller e Infancia, D<sup>a</sup> Esperanza Sánchez, e de Cultura, Educación e Deportes, D. Pedro Gómez.

#### 22 e 29 de novembro de 2008

No edificio Liceo tivo lugar un *Obradoiro de Banda Deseñada* para nenos e nenas de 10 a 12 anos, organizado polo *Colectivo Marimanta*.

#### 24 de novembro de 2008

No edificio Liceo, organizada polo *Colectivo Marimanta*, tivo lugar a conferencia que baixo o título de *Animación lectora nos fogares* pronunciou o escritor e profesor, D. Miguel Vázquez Freire.



#### 24-29 de novembro de 2008

Celebrouse ó longo destes días o *I Festival Internacional de Cine Documental das Mariñas (XóM)*, organizado polo Concello coa colaboración da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, e baixo a dirección do cineasta brigantino, D. Xosé Carlos Soler. Foron proxectadas 80 películas de diferentes nacionalidades, compartindo o primeiro premio de 6.000 euros «El club de los sin techo» de Claudia Brenlla (Vigo) e «Pancho Villa, la revolución ha terminado» do mexicano, Francesco Taboada. O acto de clausura celebrouse na igrexa de San Francisco coa entrega de premios por parte do presidente do xurado, D. José Manuel Sande. Proxectouse un documental sobre o casco histórico de Betanzos, realizado polos alumnos do Taller de Comunicación Audiovisual do Instituto As Mariñas, e celebrouse un concerto a cargo do Grupo de Vento Santa Cecilia.



César

#### 24 novembro de 2008

O director xeral de Comunicación Audiovisual, D. Manuel J. Fernández Iglesias, e alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana, inauguraron as novas instalacións do telecentro, situado nas dependencias do edificio de Santo Domingo, creado pola Xunta de Galicia a través da Consellería da Vicepresidencia. No acto participaron os alumnos do colexio Vales Villamarín que mantiveron unha videoconferencia con escolares de Santa Comba.



(Betanzos e a súa comarca)

#### 25 de novembro de 2008

Betanzos sumouse ós actos do día mundial contra a violencia de xénero coa participación na campaña da ONU «16 días de activismo contra a violencia», apoiada polo Consorcio das Mariñas. Por este motivo as mulleres de Xan Rozo acompañadas da concelleira de Muller, Infancia e Familia, D<sup>a</sup> Esperanza Sánchez, e da concelleira de Servizos Sociais, D<sup>a</sup> María Jesús Teijo, despregaron unha balconada alusiva no balcón da sede de Servizos Sociais do Concello.



(Betanzos e a súa comarca)

#### 25 de novembro de 2008

No Edificio Liceo a presidenta de ACEBE, D<sup>a</sup> Antonia Anido presentou unha campaña da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, na que se premiaba a fidelidade cun soldo de 500 euros ó mes. No acto participaron o director de Caixanova en Betanzos, D. Javier Álvarez e a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana.



Arume

**27 de novembro de 2008**


Numerosos comerciantes e veciños sumáronse á concentración convocada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (Acebe) para reclamar a axilización das obras nas rúas principais de entrada e saída da cidade como Linares Rivas e a avenida de Jesús García Naveira. Estiveron presentes na mesma a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana e varios concelleiros.

**27 de novembro de 2008**

Na Aula Municipal de Cultura, en sesións para os centros escolares, tivo lugar a representación da obra *Flis-flis-ris-flás*, dentro da última campaña da Secretaría Xeral de Política Lingüística para o fomento da lingua galega e da lectura no ámbito familiar.

**30 de novembro de 2008**

Na Aula Municipal de Cultura, organizada polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC, tivo lugar a representación da obra *Náufragos*, interpretada pola compañía *Teatro Galileo*.



**1 de decembro de 2006**

A partir deste día e ata o mes de xaneiro desenrolouse o Programa de Festexos do Nadal organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Pablo J. Duro Rodríguez do Colexio Vales Villamarín, que resultou gañador do concurso de Carteis de Nadal organizado polo Concello.

**1-15 de decembro de 2008**

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición de pintura do paisaxista vigués, José Carlos Fernández Ducrós.

**4 de decembro de 2008**

A alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana participou nunha reunión cos alcaldes de Pontedeume, D. Gabriel Torrente; Curtis, D. Javier Cainzos e a concelleira de Guitiriz, D<sup>a</sup> Sandra Freire para mostrar o rexeite á supresión de paradas do ferrocarril proposta polo administrador de infraestruturas ferroviarias.



(red Comarca)

#### **5 de decembro de 2008**


A alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana e a concelleira de Sanidade e Servizos Sociais, Emigración e Xuventude, D<sup>a</sup> María Jesús Teijo, presentaron no edificio Liceo o Programa de Voluntariado.

#### **6 de decembro de 2008**

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Medidas preventivas*, interpretada pola compañía *Áncora Producións*, organizada pola Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos.

#### **6 de decembro de 2008**

Na Sala Multiusos do edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro titulado *La pequeña Miriam* da autora betanceira Julia García Costoya.



#### **10 de decembro de 2008**

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o espectáculo do III Circuito Galego de Maxia, en sesión dedicada a escolares, organizado pola Asociación de Magos Profesionais de Galicia e o Concello de Betanzos, baixo o patrocinio da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.



Veiga

#### **Decembro de 2008**

Unhas obras de acondicionamento na sacristía de San Francisco fixeron que se atopase unha placa de mármore conmemorativa das obras de 1919. Na mesma agrádese a D<sup>a</sup> Matilde Golpe, viúva de Manuel Naveira, o donativo para o edificio e a D. José Mauri pola dirección das obras.

#### **12-13 de decembro de 2008**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tiveron lugar as representacións teatrais da obra *O monstro do castelo*, interpretadas pola compañía *Teatro del Andamio*, organizadas polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

#### **13 de decembro de 2008**

Celebrouse no Polideportivo Municipal a XVI Copa Cidade de Betanzos de Karate, organizada polo Club *Shin Gi Tai Karate-Do Betanzos*, coa colaboración do Concello de Betanzos.

#### **13 de decembro de 2008**

No edificio Liceo tivo lugar un Obradoiro de banda deseñada para nenos e nenas de 10 a 12 anos, organizado polo *Colectivo Marimanta*.

**13, 14, 20 e 21 de decembro de 2008**

Celebrouse na Praza da Constitución o mercadillo de Nadal organizado polo Concello para a promoción do comercio e a dinamización do casco histórico.

**14 de decembro de 2008**

Dentro dos actos de Nadal inaugurouse no edificio Liceo o belén móbil que organiza a Asociación de Amigos do Belén dirixidos por D. Manuel López Castro.

**14 de decembro de 2008**

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Frida Kahlo*, interpretada pola compañía *A Internacional*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

**16 de decembro de 2008**

na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *O mago de Oz* interpretada pola compañía *Os Quinquilláns*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

**17 de decembro de 2008-10 de xaneiro de 2009**

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición de esculturas titulada *Figuramas* do artista coruñés, Fran Lareo.

**19 de decembro de 2008**

Faleceu neste día Eugenio Luis Sánchez López «Geni», colaborador literario de varios periódicos e revistas da localidade e autor do poemario *En alma viva (Flores heridas)*.

**21 de decembro de 2008**

Dentro do Programa de Festexos de Nadal, na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Fuera de quicio* por conta da *Agrupación Teatral Mariñán*.

**22-24 de decembro de 2008**

Ó longo destes días celebrouse un *Campus de Baloncesto* organizado polo Club de Baloncesto Santo Domingo.

**23 de decembro de 2008**

No edificio Liceo tivo lugar un recital poético a cargo da poetisa betanceira, Esther López Castro, titulado *Camiñando as nosas rías*.

**26 de decembro de 2008**

Dentro do Programa de Festexos de Nadal, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura un Festival de pallasos da ONG *Pallasos Sen Fronteiras*, patrocinado por La Caixa coa colaboración do coro dos bombeiros do Parque de Piadela e acompañados pola orquestra infantil do Colexio Vales Villamarín.

**27 de decembro de 2008**

Na Sala de Usos Múltiples do edificio Liceo celebrouse o Torneo de xadrez do Nadal organizado polo Club de Xadrez de Betanzos.



César



## NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

### Tema

O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

### Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

### Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

### Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

### Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

### Autor-Autores

Engadírase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadírase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

### Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resúmen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

### Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas «...» para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples '...' resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

### Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

**A)** Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñeráse o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

**B)** As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis pónese só o primeiro seguido de *et al.*

Se se trata dun **libro**, indicárase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación, *Título do libro en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TILANDER, Gunnar, 1961, *Nouveaux mélanges d'étymologie cynégétique*. Lund: Carl Bloms (Cynegetica, 8).

Se se trata da **edición dun texto** indicárase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.), 2000, Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluírase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza, 2000 (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indicárase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección), páxinas:

FRADJAS RUEDA, José Manuel, 2000, «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26), 31-41.


Se se trata dun **artigo nunha revista**, indicárase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título do artigo», *título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábigas: páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen, 1998, «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad», *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval*, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, poñeráse APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indicárase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A. (1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos»: *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

**Corrección de probas**  
Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción. Non se admitirán variacións substanciais no texto.



ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2008, Nº 31,  
REMATOUSE DE IMPRENTAR  
NO PRELO DE LUGAMI EN  
BETANZOS O 25 DE  
XULLO DE  
2009